

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA EN GALICIA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL PARA DAR UNHA RESPOSTA EN MATERIA DE ATENCIÓN SOCIAL E ALBERGUE EN EMERXENCIAS E CATÁSTROFES

REUNIDOS

Dunha banda, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, que en virtude do seu nomeamento por Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 136/2024, do 20 de maio, (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra, Mercedes Casanova Díaz, en calidade de Presidenta Autonómica de Cruz Vermella Española en Galicia, segundo o establecido no artigo 5º do Real Decreto 415/1996 do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española (Regulamento Xeral Orgánico de Cruz Vermella).

EXPOÑEN

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, establece que esta consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, en virtude do establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG número 73, do 14 de abril) e no Decreto 49/2024, do 22 de abril (DOG número 81, de 24 de abril) polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Que conforme ao establecido nos artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

O artigo 49 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, que regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades



colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, establece como fin principal a colaboración coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección civil.

Que o Servizo de Protección Civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles que teñen un carácter específico e especializado.

A Cruz Vermella Española en Galicia, conta coa organización, estrutura e persoal con capacitación técnica adquirida pola súa propia experiencia intrínseca nas emerxencias, evidenciando o beneficio de unha resposta rápida eficaz e especializada na prestación de atención social e loxística en urxencias e emerxencias.

Entre os fins estatutarios da Cruz Vermella Española figura a promoción e a colaboración de accións de benestar social de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultades para a integración social, a prevención e reparación de danos orixinados por sinistros, calamidades públicas, conflitos, enfermidades e epidemias, a cooperación en programas de prevención sanitaria e acción de tipo asistencial e reparador no campo da saúde, e en xeral, o exercicio de toda función social e humanitaria, compatible co espírito da institución. Todo eso, baixo os principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, voluntariado, unidade e universalidade.

Que entre os medios e recursos mobilizables pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración con Cruz Vermella Española en Galicia, coa súa intervención para unha resposta rápida eficaz e especializada na prestación de atención social e loxística en urxencias e emerxencias, tendo en conta a súa dilatada experiencia, dende a súa constitución en 1864, en áreas de protección e seguridade cidadanía.

Dado que estas funcións só poden ser exercidas de forma exclusiva na nosa comunidade autónoma pola Cruz Vermella Española en Galicia, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, na administración pública galega.

Por isto ámbalas dúas partes,

ACORDAN

Primeiro.- Obxecto do convenio



O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Cruz Vermella Española en Galicia, para colaborar no financiamento das intervencións de esta no apoio das actuacións de órganos e autoridades competentes en materia de protección civil e emerxencias, na prestación de atención social e loxística en urxencias e emerxencias nos diferentes espazos xeográficos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Obxectivos específicos

A colaboración centrarase nos seguintes apartados, que se establecen como obrigas para a Cruz Vermella:

- Colaboración na elaboración dunha base de datos dos concellos de Galicia co fin de identificar progresivamente os elementos mais axeitados para unha correcta implantación de posibles Centros de Atención ó cidadán (CAC) para poboación desprazada no caso de emerxencias e catástrofes. Buscarase, en coordinación coa Dirección Xeral de Emerxencias e Interior facer unha ficha identificativa por localidade na que consten lugares, coordenadas e autoridades competentes coas que contactar para, no seu caso, a montaxe dun dispositivo de atención. O número previsto será alomenos de 30 localidades, que serán elixidas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior de acordo coa situación de risco previsible.
- Atención pola Cruz Vermella daquelas emerxencias ordinarias nas que, unha vez avaliadas polos técnicos de protección civil, decidiran a súa actuación, podendo desprazarse ao lugar onde se produciu a emerxencia, para a atención social inicial as vítimas, familiares e achegados, se fose necesario e dentro da súa capacidade operativa.
- Integrarse no Grupo Sanitario dos plans de protección civil para desenvolver as funcións asignadas, cando así o solicite a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- Formar parte dos comités asesores dos diferentes plans de protección civil elaborados pola Xunta de Galicia, cando así o solicite a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- Participar nos equipos de implantación dos plans de protección civil que poidan orixinar graves accidentes con importantes repercusións nas persoas e no medio ambiente, cando así o solicite a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- Formar parte do gabinete de información dos plans de protección civil, en todo o relacionado coa difusión de información á poboación que o precise, cando se produza unha urxencia, emerxencia ou catástrofe, cando así o solicite a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- Colaborar cos grupos de traballo e co persoal técnico da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior na organización e programación de simulacros.
- Cooperar e participar en accións formativas dirixidas a persoal técnico e colaborador de protección civil en Galicia.



- Intervir noutras comunidades en situacións que, debido a súa magnitude, desborde a súa capacidade de resposta, cando así o solicite a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- Nos supostos de emerxencias ou activación de plans de protección civil ou cando o requiran as autoridades de protección civil da Xunta de Galicia, a mobilización dos recursos integrantes de Cruz Vermella Española de Galicia realizaranse a través do Centro de Atención de Emerxencias 112-Galicia.
- Cruz Vermella poñerá a disposición da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior os recursos dos que dispón nos seus almacéns de emerxencia, que figuran descritos no **ANEXO I** segundo a dispoñibilidade.
- No caso de non dispoñer de medios propios para o traslado dos medios materiais, estes estarán a disposición da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior en todo momento para que foran xestionados por medios propios da Dirección Xeral, comprometéndose a súa devolución no mesmo estado que foron entregados.
- Así mesmo, dentro da súa dispoñibilidade, porá a disposición da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior persoal de apoio social debidamente formado para a atención ás persoas, especialmente para o caso de que sexa necesario para atención de menores, persoas maiores ou con discapacidade.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

Terceiro. Mobilización e identificación da Cruz Vermella Española de Galicia

Nos supostos de emerxencias ou activación de plans de protección civil ou cando o requiran as autoridades de protección civil da Xunta de Galicia, a mobilización dos recursos dos integrantes da Cruz Vermella Española en Galicia realizaranse a través do Centro de Atención de Emerxencias 112-Galicia.

Para o cumprimento das devanditas actividades a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, ademais da asistencia financeira que se estipula máis adiante, executará as accións oportunas para que a Cruz Vermella Española en Galicia, dispoña de identificación autorizada e apropiada, así como, o logo da central de emerxencias 112 na súa uniformidade, para as labores a desenvolver.

Cuarto. Libramiento de fondos

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará para financiar os custos que xeren as actividades realizadas para que se cumpran os obxectivos do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), cunha achega por un importe máximo de vinte cinco mil euros (25.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.06.212A.640.00 e código de proxecto 2015 00138 dos orzamentos do ano 2026



Para percibir a cantidade que achega a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a Cruz Vermella Española en Galicia presentará os seguintes documentos:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas, facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é de vinte cinco mil euros (25.000 €), reducíndose na mesma proporción ás cantidade xustificadas respecto do orzamento total (**ANEXO II**).
- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Consideraranse xustificantes de pagamento válidos unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola Secretaría Autónoma da Cruz Vermella.
- Para aquelas compras realizadas en metálico, inferiores a 1.000 euros por factura, será suficiente a factura orixinal ou compulsada polas oficinas de rexistro en que figure "pagado" xunto coa sinatura e o número de NIF da persoa encargada da empresa subministradora.
- Documentos de liquidación de gastos de mantemento, desprazamento e loxística, polo cumprimento das actividades do convenio, na que figure tanto a conformidade da Secretaría Autónoma da Cruz Vermella como o "recibín" do perceptor desta compensación.

No caso de non presentarse as facturas suficientes no prazo establecidos ou ben non ser correctas na súa totalidade, o libramento dos fondos verase reducido na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte da Cruz Vermella, das obrigas contidas neste convenio.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incurrido Cruz Vermella Española en Galicia como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2026.

Quinto. Publicidade

En concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Sexto. Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta que se reunirá polo menos unha vez ao ano, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar, e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo, así como estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.

Estará constituída por dous representantes por cada unha das partes:

- Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

Presidencia da Comisión de seguimento: unha persoa que ostente o cargo dunha Subdirección Xeral ou persoa na que delegue da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e que terá voto dirimente.

Secretaría da Comisión de seguimento: unha persoa con categoría de técnico dependente da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior ou persoa na que delegue

- Pola Cruz Vermella:

- A persoa coordinadora autonómica de Cruz Vermella en Galicia, ou persoa na que delegue
- A persoa responsable de emerxencias autonómica de Cruz Vermella en Galicia, ou persoa na que delegue

Sétimo. Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscribida polas mesmas partes que asinan este convenio.

Oitavo. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, de ser o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas.



Noveno. Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, poñendo así fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo, dando lugar á súa resolución e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes si fora o caso.

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ao disposto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Décimo. Inscripción como Entidade Colaboradora do Rexistro de Protección Civil

O artigo 61.2C) do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, determina o procedemento de inscrición na sección de Entidades Colaboradoras do Rexistro de Protección Civil. Entre as condicións que se establecen para que as Entidades Colaboradoras de Protección Civil poidan inscribirse no citado Rexistro, inclúese a copia do convenio suscrito entre a entidade e o órgano competente en materia de protección civil da Xunta de Galicia, polo que a sinatura do presente convenio será condición necesaria para a inscrición da Cruz Vermella Española en Galicia na sección de Entidades Colaboradoras de Protección Civil.

Décimo primeiro. Relación entre as partes

A sinatura do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a entidade que o asina, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de maneira supletoria terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.



Décimo segundo. Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décimo terceiro. Vixencia

A data de efectos do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un máximo dun ano máis. De prorrogarse o convenio, na correspondente addenda estableceríanse as obrigas concretas das partes asinantes.

En proba de conformidade asíñase o presente convenio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Pola XUNTA DE GALICIA
O conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes

Diego Calvo Pouso

Por CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA EN
GALICIA
A Presidenta Autonómica de Cruz Vermella
Española en Galicia

Mercedes Casanova Díaz



ANEXO I

Cruz Vermella Española en Galicia conta con dous puntos de almacenaxe actualmente en Lugo e A Coruña, dispoñendo dos seguintes materiais en cada unha das dúas ubicacións:

-150 camas (300 en total)

-50 sacos (100 en total)

-200 mantas (400 en total)

-150 kits de hixiene (300 en total)

-3 Tendas 6m x 4m de lona de montaxe rápido

-2 Xeneradores de enerxía (1 de 1.000w e outro de 3.000w).



ANEXO II

ORZAMENTO GLOBAL ESTIMADO DE PREVISIÓN DE GASTOS

1. Persoal	19.000 €
2. Gastos materiais (inventariable e funxible)	6.000 €
TOTAL:	25.000 €

